

## Acta do Tribunal seleccionador do proceso selectivo para a provisión dunha praza de operario condutor, persoal laboral temporal, incluída dentro do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña.

En Cabanas, a 28 de marzo de 2022, sendo as 08:15 horas, reúnen no Concello de Cabanas as seguintes persoas designadas como integrantes do Tribunal Cualificador no proceso selectivo para a provisión dunha praza de operario condutor, persoal laboral temporal, incluída dentro do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña, segundo bases da convocatoria aprobadas por Resolución da Alcaldía 341/2022, de data 21 de marzo de 2022, publicadas na sede electrónica municipal.

Presidenta: Presidenta: Irene Suárez López, Secretaria-Interventora do Concello de Cabanas..

Secretaria: D<sup>a</sup>. Susana Fernández Muiño, Secretaria-Interventora do Concello de Cabanas.

Vogais: D<sup>a</sup>. Isabel Rodríguez Fraga, funcionaria de carreira do Concello de Cabanas.

D. Juan Carlos Anca Santos, funcionario de carreira do Concello de Cabanas

D. José Javier Fonte Varela, funcionario de carreira do Concello de Cabanas,

A Presidenta declara constituído o acto e, de seguido, procédese a determinación do contido da proba tipo test, consistente en 20 preguntas tipo test, con tres alternativas de resposta, sobre o temario establecido no Anexo I das bases da convocatoria.

Sendo as 09:00 horas, procédese ao chamamento das persoas aspirantes incluídas na lista remitida polo Servizo Público de Emprego de Ferrol, aprobada por Resolución da Alcaldía 364/2022, de data 25 de marzo de 2022, comezando a proba tipo test da fase de oposición ás 10:10 horas

Rematada a proba tipo test o Tribunal Cualificador procede á corrección de dita proba, obtendo o seguinte resultado:

Apelidos e nome	DNI	Puntuación proba tipo test
Calvo Hermida, Rubén	*****461-C	6,50
Freire Gómez, Jorge Juan	*****701-T	Non apto
Montero Barros, Héctor	*****449-P	6,00
Piñeiro Montes, Juan José	*****612-E	5,00
Salido Castro, Manuel	*****840-J	Non apto
Sanmartín Sardiña, Jesús	Non presentado	Non presentado
Seijas González, Diego	Non presentado	Non presentado

Visto que todas as persoas aspirantes que superaron a proba tipo test non achegaron documentación xustificativa dos méritos establecidos nas bases da convocatoria.

Visto que unha vez solicitada a documentación xustificativa de atoparse nalgunha das causas de exclusión establecidas nas bases da convocatoria do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña, recollidas no punto 5 da Resolución da Alcaldía 341/2022,



de data 21/03/2022, D. Rubén Calvo Hermida e D. Héctor Montero Barros, manifestan no atoparse en ningunha das situacións recollidas en dito punto, polo que resultan excluídos do proceso selectivo.

Visto que D. Juan José Piñeiro Montes, acredita ante o Tribunal Cualificador, atoparse nunha das circunstancias establecidas no punto 5 das bases da convocatoria.

### RESULTADO PROCESO SELECTIVO

Apelidos e nome	DNI	Puntuación proba tipo test
Piñeiro Montes, Juan José	*****612-E	5,00

De conformidade co establecido no punto 10 das bases da convocatoria o Tribunal propón a **D. Juan José Piñeiro Montes para a súa contratación como operario condutor**, persoal laboral temporal do Concello de Cabanas, ao abeiro do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña, por obter a maior puntuación no proceso selectivo.

Non sendo outro obxecto da presente reunión, sendo as dez horas e quince minutos, levántase a sesión, dispoñendo a Sra Presidenta que se redacte a presente acta, que asinan os membros do Tribunal, do que eu, como Secretaria, certifico.

